



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtrvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 20/06/2016 *1:50:05

SA/DA 88203 / RX 890782



PTU-AC-09/028
CORUÑA, A
CE/PXOM FICHA CATÁLOGO 05.018
RÚA URUGUAY 2-5
Notificación orde
Páx. 1 de 3

Sr. Alcalde do Concello da Coruña
(A Coruña)

Notifícolle que con data 17/06/2016 a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, difou a orde que literalmente di:

"ORDE DO 17 DE XUÑO DE 2016 DE APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA FICHA DE CATALOGO 05.018 RÚA URUGUAY 2-5 DO PXOM DO CONCELLO DE A CORUÑA.

O Concello de A Coruña remite a corrección de erros referida, en solicitude da súa aprobación definitiva por esta Consellería, en aplicación do procedemento establecido polo artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Logo de analizar a documentación achegada, e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello da Coruña conta cun PXOM aprobado definitivamente con condicións por Orde desta Consellería do 25/02/2013.
2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolveu o 27/04/2015 autorizar as obras de rehabilitación da fachada do edificio situado na rúa Uruguai 2 a 5 de A Coruña, edificio incluído no catálogo do plan xeral da Coruña coa ficha número 05-018, con base no informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de A Coruña de data 15/04/2015 que sinala que "da análise das determinacións do plan xeral dedúcese claramente que as fachadas principais, tanto pola súa composición e calidade construtiva, como polo material empregado foron determinantes para a protección do edificio. Porén esta comisión entende que a protección destes edificios, que se centra nos valores construtivos das fachadas, parte dun erro xa que a realidade é que estas fachadas non están executadas en ladrillo visto de xeito similar á arquitectura madrileña, senón que a realidade é que se trata dun aplacado cerámico de imaxe semellante ao ladrillo visto pero que como se pode comprobar emprega unha solución construtiva totalmente diferente. Por outra banda, queda xustificada na documentación achegada a situación de gran deterioro do edificio que precisa unha urxente reparación".



PTU-AC-09/028
CORUÑA, A
CE/PXOM FICHA CATÁLOGO 05.018
RUA URUGUAY 2-5
Notificación orde
Páx. 2 de 3

"En consecuencia, visto o expediente e os correspondentes informes dos servizos técnicos, a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña,... por maioría dos vogais presentes nesta reunión,..., acorda informar favorablemente as obras solicitadas coa condición de que o concello previamente tramite o expediente oportuno coa finalidade de corrixir a ficha do catálogo na que constan datos erróneos nos que se fundamenta para o nivel de protección."

3. No expediente consta informe municipal de data 11/03/2016, do xefe do Departamento de Planeamento e do xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo, favorable á corrección.
4. O Concello Pleno 09/05/2016 aprobou o documento de corrección de erros.

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DA CORRECCIÓN DE ERROS

1. A corrección de erros, formulada polo Concello de A Coruña, afecta á ficha nº 05-018 do catálogo do plan xeral, nas seguintes liñas:
 - a) Materiais de fachada e caracteres singulares: substitúese a referencia ao ladrillo visto pola do aplicado de pezas cerámicas.
 - b) Estado de conservación: substitúese a referencia de ba pola de deficiente.

III. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

A corrección proposta afecta tres elementos informativos da ficha 05.018 do catálogo do plan xeral que, de conformidade coa resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria arriba citada, eran erróneos. O documento corixe a información contida na ficha para adequala ao estado real da edificación, sen alterar de ningún modo as determinacións de ordenación (nivel de catalogación, norma zonal,...), polo que o alcance de fondo do documento tramitado é, efectivamente, o da corrección dun erro material na ficha.

O artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón que as administración públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

O acto de aprobación definitiva do PXOM de A Coruña foi ditado por Orde de 25/02/2013 do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co disposto nos artigos 89 e 93.4 da LOUG, e no artigo 1 do Decreto 316/2009, de 4 de xuño, polo que se establecía a estrutura orgánica da CMAT.

IV. RESOLUCIÓN

En consecuencia, nos termos establecidos no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, RESOLVO:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Adm'tivo. San Caetano,
Blaque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

PTU-AC-09/028
CORUÑA, A
CE/PXOM FICHA CATÁLOGO 05.018
RÚA URUGUAY 2-5
Notificación ordo
Páx. 3 de 3


1. Aprobar a "Corrección de erro material na ficha de catálogo 05.018 rúa Uruguáy, 2-5 do PXOM de A Coruña".

2º. Notifíquese esta Orde ao Concello; e publíquese no Diario Oficial de Galicia."

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

A secretaria xeral de Ordenación
do Territorio e Urbanismo


María Encarnación Rivas Díaz



631 / 2015 / 230
EXC 21/15



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 11/2007 Art. 30.2 y 30.3) Esta portada no forma parte del documento original en papel		 1R27 2E2P 0C2D 1K5T 0XVD	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE100BO3		
Número/Año	15123/2016		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsar	EMR.		
Interesado Principal	CONSELLERIA MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO SECRET X ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO		
Representante			
Descripción	Solicitud General		
Páginas	3 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	22/06/2016 13:48:42		
Fecha Captura	22/06/2016 13:49		
Valor CSV	1R27 2E2P 0C2D 1K5T 0XVD		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 11/2007 Art.30.2 y 30.3)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsar electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 30.2 y 30.3 de la ley 11/2007, el Esquema Nacional de Interoperabilidad, las Normas Técnicas de Interoperabilidad, el decreto 198/2010 de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, por el que se regula el desarrollo de la administración electrónica en la Xunta de Galicia y en las entidades de ella dependientes la ordenanza municipal de digitalización certificada, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad.		 CONCELLO DA CORUÑA REGISTRO MARIA PITA 22/06/2016 13:48:42 Código: RMPE100BO3 Num: 15123	